




CAMIÑO Á EDUCACIÓN PRIMARIA

Departamento de Orientación
CEIP Plurlingüe I. Parga Pondal





A educación primaria estrutúrase en **6 cursos**, de 6 a 12 anos. **De 1º a 6º**

Organízase en **áreas** que
terán un carácter
global e integrador.



Áreas

- **Lingua Castelá e Literatura (4h)**
- **Lingua Galega e Literatura (4h)**
- **Matemáticas (5h)**
- **Ciencias da Natureza (3h)**
- **Ciencias Sociais (2h)**
- **1ª Lingua Estranxeira (2h)**
- **Educación Física (2h)**
- **Relixión ou Proxecto Competencial (1h)**
- **Música e Danza (1h)**
- **Arts (1h)**





Finalidade da educación primaria

Facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes de expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir **unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos para cursar con aproveitamento a ESO.**

Avaliación


- A avaliación é continua.
- Informarase trimestralmente .
- REFERENTES: criterios de avaliación.



Resultados da avaliación

Os resultados da avaliación expresaranse nestes termos acompañados dunha cualificación numérica:

- Insuficiente: 1,2,3,4
- Suficiente : 5
- Ben : 6
- Notable :7,8
- Sobresaliente :9,10



Promoción

- A promoción do alumnado faise **AO FINAL DO CURSO**.
- Só se podería repetir nos cursos pares (2º, 4º e 6º). A decisión da promoción correspóndelle ao equipo docente.
- Só se pode repetir **unha vez** en toda a Educación Primaria.

Deberes

Dacordo co DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional cuarta (Tarefas extraescolares):

1. Os centros docentes incluírán dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.
2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

En setembro cada titora explicará o enfoque de acordo coa programación xeral do curso.



Atención á diversidade

Énfase especial na:

- Atención á diversidade con atención individualizada cando é preciso (tempos, metodoloxía, explicacións curtas, claras e concisas, traballos extraordinarios...)
- Posta en práctica de mecanismos de reforzo: reforzos de PT/AL, reforzo de 2º profesor na aula, reforzo do propio titor/a.

O traballo no 1º curso

Centrado na adquisición das **técnicas instrumentais básicas**:


- Lectura e escritura.
- Numeración e cálculo.

As actividades son máis formais e autónomas.

IMPORTANCIA DE RUTINAS E HÁBITOS

En casa lectura de fill@s a pais/nais e numeración e cálculo mental con pelota.



- 
- **Libros de texto: funxibles en 1º (escriben neles). Non libros en todas a áreas.**
 - **Especialistas:**
Arts (en inglés), Inglés, Música, E. Física e Relixión.

Patios

- Especial atención aos conflitos.
- Solución de conflitos á volta.
- Partes /Mediación entre iguais.
- Diferenciar agresións e xogo a pelexas.

Como axudar ao meu fillo/a?

- Establecer pautas, expectativas e límites axeitados. Fomentar a autodisciplina.
- Exemplificar: ensinamos coas nosas accións, non con palabras.
- Ensinar a respectar e escoitar.
- Animar a discutir acerca da presión dos iguais.
- Pasar tempo con el/a, dándolle a nosa atención. Eloxiar. Conversar.
- Debe ver que consegue a atención con bos comportamentos, actitudes, con esforzo... Se lle dedicamos máis tempo con condutas negativas, esteremos reforzándoas.
- **RUTINAS, RUTINAS E RUTINAS.**



Independente do ritmo de vida que levan
tanto pais/nais/titores como fillos/fillas

**o espazo dentro do
contexto familiar segue
sendo parte importante da
vida dun neno.**

**Seguides sendo o pilar de
valores, hábitos..., aínda
que nós os reforcemos.**

Xunt@s formamos equipo!

MOITAS
GRAZAS